

## ACORDOS COMITÉ DE XIMNASIA ACROBÁTICA

Ourense, 02 de Decembro do 2021

### 1. CALENDARIO 2022.

Para fixar a data da Copa Galicia Internacional de 2022 tense en conta o calendario de Portugal e datas estimadas da RFEG. Como novidade, na vindeira edición, a Copa Galicia Internacional dará cabida, por unha banda, as categorías absolutas e, por outra, as categorías base (Normativa Rfeg Base de Ximnasia Acrobática 2022).

A data prevista de celebración será o 31 de marzo e 01-02-03 de abril e como sede Vigo (Pontevedra).

Como datas para o Campionato Galego e Copa Galicia Escolar establécense o 07-08 de Maio e como sede Vigo (Pontevedra).

A data para o Campionato Galego Escolar de Ximnasia Acrobática está prevista para o 25 ou 26 de Xuño e como sede o ETEA en Vigo (Pontevedra).

### 2. NORMATIVA COPA GALICIA 2022.

Adxúntase a normativa da Copa Galicia Absoluta e Base axustada aos cambios obrigados para o 2022.

### 3. NORMATIVA ESCOLAR 2022.

Adxúntase a normativa Escolar axustada aos cambios obrigados para o 2022.

### 4. TECNIFICACIÓN 2021.

Acórdase realizar unhas xornadas de tecnificación de adestradores co técnico italiano Marco Palella (xuíz internacional e adestrador da selección italiana de acrobática). Dita formación está prevista que se realice do 17 ao 18 de Decembro no ETEA en Vigo e poderán participar os adestradores titulados dos clubs galegos xunto con algún equipo de categoría absoluta nacional ou con proxección internacional, previa inscrición na mesma. O horario provisional sería o que segue:

- VENRES 17:
  - o Mañá – xornada teórica
  - o Tarde – xornada práctica
- SÁBADO 18:
  - o Mañá e Tarde – xornada práctica

### 5. SUXERENCIAS E PREGUNTAS.